

CONCELLO DE BRIÓN
Praza do Concello, 1
15865 Brión (A Coruña)

Trámite de información pública en relación coas peticións dunha concesión de augas superficiais para a instalación dun aproveitamento hidroeléctrico no río Tambre, concellos de Brión, Negreira, Lousame e Rois, A Coruña

Clave: AC/6/178

Polo presente oficio, e en relación co expediente de solicitude dunha concesión de augas superficiais referenciada no encabezamento, comunícaselle o seguinte:

Primeiro.- De acordo co establecido no artigo 109 do Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, remíteselle o texto do anuncio da preceptiva información pública relativa ao expediente de solicitude dunha concesión de augas superficiais para a instalación dun aproveitamento hidroeléctrico no río Tambre, concellos de Brión, Negreira, Lousame e Rois, A Coruña, coa finalidade de que ordene a súa exposición ao público no taboleiro de anuncios da Casa do Concello durante o prazo de **vinte (20) días hábiles**, coa indicación de que o mesmo será publicado nas vindeiras datas no BOP da Coruña.

Unha vez rematado o antedito período de tempo, prégame a remisión a Augas de Galicia (rúa Tomiño, 16, baixo, 15703 Santiago de Compostela), no termo de dez (10) días, do certificado no que se acredite o cumprimento do trámite de exposición do anuncio de información pública durante o prazo establecido, con expresión de se se presentaron ou non reclamacións, xuntándoas se é o caso, co fin de poder proseguir a ulterior tramitación do expediente.

Segundo.- De conformidade co establecido nos artigos 58.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 79.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, solicítaselle que por parte dese Concello se informe en relación coa súa **compatibilidade cos usos do solo e a planificación urbanística vixente**, sobre os seguintes documentos presentados, toda vez que o territorio onde se pretenden radicar estes aproveitamentos correspóndense co seu termo municipal.

- Green Capital Power, SL:



- *Anteproyecto central hidroeléctrica de bombeo Tambre. Brión, Negreira, Lousame y Rois. A Coruña. Marzo 2022.*
- *Documento inicial. Anteproyecto de central hidroeléctrica de bombeo Tambre. Términos municipales de Brión, Lousame, Rois y Negreira (Provincia de A Coruña). Junio 2022.*
- Espiral Renovables, SL:
 - *Anteproyecto central hidroeléctrica de bombeo reversible Tambre Sur. Brión y Noia. A Coruña. Octubre 2022.*
 - *Central hidroeléctrica reversible Tambre Sur. Estudio de Impacto Ambiental. Octubre 2022.*

A documentación a informar atópase nos enlaces que se indican a continuación e, indicolle que, para a emisión do dito informe dispón do prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da recepción deste oficio:

- <https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/ddYcxTkACAqrLDw>
- <https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/wZdT8zdDG2dCAoX>

Santiago de Compostela (documento asinado dixitalmente)

O xefe do Servizo Territorial

Jesús Antonio Manrique Merino

